


Contratación de persoas mozas inscritas no Sistema nacional de garantía xuvenil (SNGX) a través da colaboración con

## ORGANISMOS INTERMEDIOS SEN ÁNIMO DE LUCRO [2026]

Contratación de persoas mozas inscritas e en situación de beneficiarias no ficheiro do SNGX en Galicia para proporcionarlles experiencia e práctica profesional que facilite a súa inserción laboral

 Prazo aberto do **12/06/2026** ata o **13/07/2026**

Orzamento 2026 **3.500.000 €**



### Entidades beneficiarias

- » Asociacións empresariais sectoriais ou intersectoriais, incluídas as de carácter tecnolóxico.
- » Consellos reguladores de denominacións de orixe protexidas, de indicacións xeográficas protexidas e de agricultura ecolóxica.
- » Agrupacións industriais empresariais (con personalidade xurídica propia, sen ánimo de lucro e domiciliadas en Galicia), que representen a un colectivo de empresas galegas.
- » Clústeres empresariais.
- » Asociacións de persoas traballadoras autónomas.

Sempre que na data de publicación da convocatoria, estean **constituídas e inscritas** no correspondente rexistro, e dispoñan de **centro de traballo en Galicia**.



### Intensidade da axuda

A contía da subvención por cada persoa moza contratada a tempo completo será a resultante de aplicar o método de custes simplificados, que consiste nun custe unitario segundo o grupo de cotización, consonte aos seguintes valores:

<b>Grupo 1.</b> Enxeñeiros e licenciados	<b>23.606,03 €</b>
<b>Grupo 2.</b> Enxeñeiros técnicos, peritos e axudantes titulados	<b>19.576,17 €</b>
<b>Grupo 3.</b> Xefes administrativos e de taller	<b>17.030,80 €</b>
<b>Grupos 4 a 10.</b> Axudantes non titulados, oficiais admitivos...	<b>16.902,64 €</b>

**Custo Unitario a tempo completo durante un período mínimo de 9 meses**

## Contratación de persoas mozas inscritas no Sistema nacional de garantía xuvenil (SNGX) a través da colaboración con

### ORGANISMOS INTERMEDIOS SEN ÁNIMO DE LUCRO [2026]



#### Requisitos dos servizos prestados polas persoas contratadas

- » Que sexan prestados polos organismos intermedios en **régime de administración directa**.
- » Que se presten ou executen **en Galicia**.
- » Que a **duración dos contratos** das persoas desempregadas que presten os servizos sexa como mínimo de 9 meses con xornada a tempo completo.
- » Que o organismo intermedio **dispoña de asignación orzamentaria suficiente** para facerse cargo dos gastos non subvencionables.



#### Requisitos para a selección das persoas traballadoras

A partir da comunicación da **resolución de concesión**, as entidades beneficiarias poderán iniciar o **procedemento de selección** das persoas desempregadas a contratar, que deberán cumprir en todo caso os **seguintes requisitos** no momento da **selección** e da **formalización do contrato**:

- Ter feitos os **18 anos** e **non superar a idade máxima** que estableza a normativa vixente do Sistema nacional de garantía xuvenil.
- Ser **desempregadas e inscritas como demandantes** de emprego no Servizo Público de Emprego de Galicia.
- Estar **inscritas como beneficiarias** no ficheiro do Sistema nacional de garantía xuvenil no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia, e **non ter traballado ou recibido accións educativas ou formativas** o día natural anterior ao momento de recibir a actuación.

Acceso á ficha da sede electrónica



[Pulsa ou escanea]

Os organismos intermedios **poderán presentar por medios telemáticos oferta de emprego na oficina de emprego de Galicia que lle corresponda**, facendo referencia aos requisitos que deberán cumprir as persoas candidatas de acordo coas funcións dos postos ofertados.



#### Contratación das persoas mozas

- » Empegarase o modelo de **contrato de traballo vinculado a programas de políticas activas de emprego**, tendo en conta que, en todo caso, os contratos deberán formalizarse no prazo e nos termos establecidos na resolución concedente da subvención e, en todo caso, **dentro do exercicio 2026**.
- » Os contratos **deberán comunicarse**, necesariamente, a través de CONTRAT@, na modalidade de cláusulas específicas de **contratos vinculados a políticas activas de emprego** (código 405).
- » No momento da contratación, a persoa moza **cubrirá e asinará o Anexo II**. Os organismos intermedios beneficiarios **comunicarán á Secretaría Xeral de Emprego e Relacións Laborais o comenzo dos contratos no prazo máximo de dez días hábiles** dende o devandito inicio

Consulta de persoas mozas no SNGX



[Pulsa ou escanea]